

Os candidatos remitidos polo Servizo Público de Emprego para a selección para a categoría de Oficial 1ª Cociña deberán aportar a documentación relativa aos requisitos expostos neste escrito, así como toda aquela que consideren necesaria, co fin de poder valorar os méritos que aleguen.

Requisitos mínimos de admisión

1. Ter cumprido 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
2. Estar en posesión do título de FP II en Hostalería, ESPECIALIDADE COCIÑA ou equivalente,
3. Criterios para a avaliación dos candidatos remitidos polo Servizo Público de Emprego:
 - 1) Experiencia profesional: (acreditarse a través de certificado de servizos prestados ou contrato acompañado de vida laboral ou calqueira outra documentación que acredite fidelísimamente)
A puntuación máxima nesta alínea será de 3,5 puntos.
 - 0,20 puntos por cada mes de experiencia acreditado na administración pública , en praza de igual ou similar categoría á da convocatoria.
 - 0,10 puntos por cada mes de experiencia acreditado na empresa privada, na mesma ou similar categoría.
 - 2) Situación de desemprego
A puntuación máxima nesta alínea será de 0,5 puntos.
 - Por cada mes en situación de desemprego nos dous anos anteriores dende a data na que se aprobou a oferta a través do Órgano competente: 0,1 puntos. Mérito que se acreditará a través de vida laboral, ou calquera outro medio que acredite documentalmente.
 - 3) Formación
A puntuación máxima nesta alínea será de 3 puntos.
 - Coñecemento da lingua galega. A puntuación máxima deste apartado será de 1 punto.
 1. Pola posesión da certificación oficial acreditativa do nivel de coñecemento da lingua galega celga 1: 0,25 puntos.
 2. Pola posesión da certificación oficial acreditativa do nivel de coñecemento da lingua galega celga 2: 0,50 puntos.
 3. Pola posesión da certificación oficial acreditativa do nivel de coñecemento da lingua galega celga 3, ou realización do curso de iniciación da lingua galega homologada pola Dirección Xeral de Política Lingüística, ou presentación da validación dos mesmos: 0,75 puntos.
 4. Pola posesión da certificación oficial acreditativa do nivel de coñecemento da lingua galega celga 4, ou realización do curso de perfeccionamento da lingua galega homologado pola Dirección Xeral de Política Lingüística, ou presentación da validación do mesmo: 1 punto.

So se valorará a puntuación máis alta, non sendo acumulables.

- Formación Complementaria: A puntuación máxima nesta alínea será de 3 puntos:

Por cursos impartidos polas administracións públicas, universidades, INEM, formación continúa do AFCA (Acordo de formación continua para as administracións públicas ou formación ocupacional) relacionada coas funcións propias da categoría segundo o baremo seguinte:

- Cursos de 20 horas a 39 horas: 0,30 puntos.
- Cursos de 40 horas a 59 horas: 0,50 puntos.
- Cursos de 60 horas a 99 horas: 0,75 puntos.
- Cursos de 100 horas a 149 horas: 1 punto.
- Cursos de máis de 150 horas : 2 puntos.

4) Entrevista curricular:

- A devandita entrevista, versará sobre os méritos específicos adecuados as características do posto. A puntuación máxima nesta fase, será de 3 puntos.